# BESTIARIO DAS ALTURAS

INACIO
E IVÁN SUÁREZ

A INCRIBLE HISTORIA DOS ESCALATORRES



EDITORA alvarellos
CONSORCIO DE SANTIAGO

INACIO E IVÁN SUÁREZ

# BESTIARIO DAS ALTURAS



EDITORA alvarellos

CONSORCIO DE SANTIAGO

Esta obra publícase baixo unha coedición do Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora.
Pertence á colección Ilustrada de Alvarellos Editora e á Colección de Divulgación do Consorcio de Santiago.

Primeira edición, novembro 2025

Alvarellos Editora, 2025
Rúa de Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela
www.alvarelloseditora.gal

Consorcio de Santiago, 2025
Rúa do Vilar, 59
15705 Santiago de Compostela
www.consorciodesantiago.org

© Textos: Inacio Vilariño © Ilustracións: Iván Suárez

Maquetación: Paula Cantero
Impresión: Imprenta Mundo

O papel utilizado para a impresión deste libro foi fabricado a partir de madeira procedente de bosques xestionados de forma sostible.

FSC www.fsc.org MIXTO Papel | Apoiando a silvicultura responsable FSC® C125125

ISBN [Alvarellos Editora]: 978-84-18567- 88-9
ISBN [Consorcio de Santiago]: 979-13- 87850-07-4
Depósito Legal: C 1825-2025

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.


PONTEVEDRA, 13 DE AGOSTO DE 1964
GRAZAS POR ME AVISARES!
NON CHO PUIDEN DICIR ANTES PORQUE TAMPOUCO EU O SABÍA.
DE FEITO, NIN O INCLUÍMOS NO PROGRAMA DAS FESTAS.
É ASTURIANO.
FAISE CHAMAR "EL ÁGUILA DE OVIEDO"
É O MESMO QUE VIN ASCENDENDO A CATEDRAL DE MONDOÑEDO HAI CATRO ANOS.
MOITO ME ALEGRO DE QUE ESTEA VIVO AÍNDA. TIÑA IDEA DE QUE MORRERA ESCALANDO UN EDIFICIO EN PARÍS.
XA CHEGOU Á CORNIXA. AGORA VÉN UN DOS MOMENTOS MÁIS COMPLICADOS DA ASCENSIÓN!
AUU!!
DANME CALAFRÍOS SÓ DE VELO!



PREZADO PÚBLICO, ...
PARECE QUE LLE PASOU ALGO!
...É CON PESAR QUE LLES COMUNICO QUE UNHA GRAN DOR NO OMBREIRO NON ME PERMITE CONTINUAR A ESCALADA.
SÓ LLES PIDO QUE NON DEIXEN DE APOIARME...
... PORQUE É DA SÚA ILUSIÓN DE ONDE TIRO O VIGOR E A AFOUTEZA PARA CONTINUAR A SUBIR.
TAP TAP
HABERÁ QUE SEGUIR AGARDANDO! DESDE QUE BARQUERITO SE RETIROU NINGUÉN VOLVEU NUNCA GAPEAR A FACHADA DA PEREGRINA.
BARQUERITO CHICO, O TOUREIRO DE PONTEVEDRA?
NON, O PAI! FOI O ENCARGADO DE POÑER A ILUMINACIÓN DA CAPELA DURANTE ANOS.
DESDE O ANO 16 ATA QUE SE RETIROU NO 32.
E AÍNDA VIVE?
XURARÍA QUE É AQUEL DO CHAPEU CORDOBÉS. VEN QUE CHO PRESENTO.


SEÑOR MANUEL, DESCULPE!
AH, DON FILGUEIRA!
QUERÍA QUE COÑECESE O MEU AMIGO CUNQUEIRO. ESTARÍA INTERESADO EN FACERLLE UNHAS PREGUNTAS SOBRE A SÚA ETAPA DE ESCALATORRES.
UFF... ONDE VAN AQUELES TEMPOS! PERO SE É AMIGO SEU, SEN PROBLEMA.
SE NON VOS IMPORTA, DÉIXOVOS A SOAS. CANDO QUEIRADES, AVISADE E CEAMOS XUNTOS.
QUERE QUE LLE TOMEMOS UN CAFÉ OU UNHA CUNCA DE VIÑO?
MELLOR FALAMOS NO MEU OBRADOIRO, QUE FICA AQUÍ AO PÉ, NAMENTRES REMATO UN TRABALLIÑO.
VEÑA POR AQUÍ.
DAQUELA, QUE LLE PARECEU A ESCALADA?
POBRE HOME, CHORABA OS SETE CHORARES!
É QUE PARA UN ESCALATORRES NON HAI OUTRO NORTE MÁIS QUE SUBIR.
A XENTE PENSA QUE SE ESCALAN EDIFICIOS UNICAMENTE POLO PAN.
NON SE VALORA QUE É UNHA VOCACIÓN, COMO QUEN QUERE SER ESCRITOR.
FALEI CON MOITOS ESCALATORRES E NUNCA NINGÚN COÑECÍN AO QUE LLE GUSTASE CANCELAR UNHA ASCENSIÓN.
SE O FAN É SEMPRE POR CAUSA DE FORZA MAIOR.


DESCÚLPEME, PERO ANTES DE MÁIS NADA TEÑO QUE ENGRAXAR ESTA PERNA.
RENXE TANTO QUE XA RESULTA MOLESTO!
E ISO?
LIBREI SEMPRE DO HASTADO ATA QUE UN DÍA, FACENDO UNHA TOURADA BUFA, PILLOUME A PERNA UN NOVELO.
NUNCA SABE UN ONDE A TEN!
LEMBRO QUE ENRIQUE ANDRÉS FACÍA DE RECADEIRO E EVARISTO FERNÁNDEZ DE CHARLOT. EU DE LLAPISERA CUNHA VISTOSA CHISTERA DE COPA.
CHARLOT ENTROU Á AREA ARRASTRANDO UN MORTEIRO DO 42. PUXÉMONOS TODOS EN POSICIÓN PARA FACER A BUFONADA E...
DE SÚPETO SAÍU UN XOVENCO QUE O PÚBLICO CHAMOU ROMANONES PORQUE COXEABA COMA O POLÍTICO.
!!!
MUUU!
E XUSTO NO INTRE QUE ESTABA A FACER UNHAS CHICUELINAS,
OLE
OLE
OLE
EVARISTO DISPAROU O MORTEIRO E CO ESTRONDO O NOVELO ASUSTOUSE E ESCORNOUME FATALMENTE.
POOOOM


ENTÓN FOI DESA CANDO PERDEU A PERNA?
NON, FOI HAI DOUS ANOS CANDO SE ME INFECTOU A FERIDA. GANGRENOU E O DOUTOR POZA DETERMINOU QUE ERA MELLOR CORTALA.
E QUE? QUE LLE PARECE?
POIS SEMELLA ESTRAÑO QUE UNHA FERIDA EVOLUCIONE DESA MANEIRA PERO...
NON, DIGO A PRÓTESE. QUE LLE PARECE? FABRIQUEINA EU!
AH, MOI BEN REMATADA. SE ALGÚN DÍA PRECISO DUNHA, XA SEI A QUEN RECORRER.
CÓNTEME, COMO FORON OS SEUS INICIOS COMO GABEADOR DE FACHADAS?
XA EU ERA "NOVILLEIRO" RECOÑECIDO NA PROVINCIA...
E ALÁ POLO ANO 14, LÉMBROME PORQUE AÍNDA ERA CHOFER DE XULIA MALVAR,...
CHEGOU A PONTEVEDRA UNHA TROUPE DE ARTISTAS CIRCENSES QUE ESCALARON A IGREXA DA PEREGRINA.
ERAN OS FAMOSOS PUERTOLLANO! UNS GRANADINOS QUE VIÑERAN A GALICIA CO CIRCO FEIJOO. ERAN INCRIBLES!
DEÍXEME VER
SUPERARON A PRIMEIRA CORNIXA E CHEGARON AOS CATAVENTOS NUN DICIR AMÉN. O PAI NO DA TORRE NORTE E O FILLO NO DA SUR FIXERON TODO TIPO DE TOLEMIAS.
POÑÍAN E SACABAN A CHAQUETA, FUMABAN CIGARROS, FACÍAN EQUILIBRIOS E COLOCÁBANSE CABEZA ABAIXO SOSTIDOS POLOS PÉS NOS CATAVENTOS.
A XENTE ESTABA ESPANTADA CO ENORME RISCO E CANDO AS FILLAS DE PUERTOLLANO PASARON O CHAPEU, VIN COMO RECADABAN UNHA XENEROSA CANTIDADE DE CARTOS DO PÚBLICO.
UN PERMISO ESPECIAL?
LOGO MANTIVEN UNHA LONGA CONVERSA CO PAI NA QUE SOUBEN QUE O SEU VERDADEIRO NEGOCIO ERAN OS TRABALLOS DE ALBANELERÍA EN TORRES QUE FACÍA GRAZAS A UN PERMISO ESPECIAL DO REI ALFONSO XIII.

9 788418 567889




Hoxe semellan seres de ficción, pero existiron realmente. Son os coñecidos como Escalatorres. Personaxes míticos que, antes da guerra civil, ascendían, sen protección ningunha, ata a cima dos edificios máis emblemáticos de Galicia e do noroeste da península. O granadino Puertollano, que coroou a compostelá Torre Berenguela; o *Barquerito*, Manuel Escudero, quen vestido de toureiro gabeaba pola torre da Peregrina en Pontevedra, ou o portugués Antonio Sousa e a súa muller, alcumados *Os Morcegos*, pois escalaban cos ollos vendados a concatedral de Vigo...

Unha novela gráfica que percorre ata quince biografías realmente incribles. A partir destes feitos reais, a ficción sitúase en 1965. Grazas ao daquela alcalde de Pontevedra, Xosé Filgueira Valverde, o escritor Álvaro Cunqueiro coñece ao escalatorres *Barquerito*. Nun paseo pola cidade do Lérez irán xurdindo, na conversa, os máis famosos gabeadores da nosa historia.

Esta banda deseñada pretende ser tamén unha reflexión sobre o medo e como enfrontarse a el. «Os chinos din que o medo sempre está de costas, que se estivese de fronte non habería ningún vivo, todos teriamos morrido xa de medo», afirmaba Álvaro Cunqueiro.

EDITORA alvarellos

CONSORCIO DE SANTIAGO